

COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO GONZÁLEZ BARBEIRO SOBRE ORDENANZA TERRAZAS

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Á vista da solicitude de comparecencia presentada polo grupo municipal AER que se transcribe a continuación:

“Dado o tempo transcorrido dende a aprobación da ordenanza de mesas e cadeiras, ordenanza das terrazas, solicitamos a comparecencia do concelleiro de Interior para que nos faga unha valoración sobre a implantación de dita ordenanza.

O concelleiro González Barbeiro di que a ordenanza entrou en vigor hai menos de un mes e hai catro solicitudes consolidadas e quince en trámite. Este sector estivo demasiado tempo sen regulación, farán a valoración cando avance a campaña de verán.

O concelleiro Blanco Perez refírese a un informe de intervención en relación ao asunto e ao feito de que os hostaleiros non cumpren a ordenanza en relación a obriga de mostra-lo permiso en lugar visible, nin se cobra.

González Barbeiro dí que un sector sen ningún tipo de regulación hai que considerar un período de adaptación e considera que os tempos que corren aconsellan prudencia, aínda que sen merma do rigor.